

Resolución do 20 de xaneiro de 2011 pola que se prorroga o prazo de presentación de solicitudes ao abeiro das bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) para o apoio financeiro aos investimentos das pequenas e medianas empresas de Galicia financiados con fondos do Instituto de Crédito Oficial (ICO) ao abeiro de determinadas liñas ICO 2010, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica e as entidades financeiras.

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 20 de abril de 2010, acordou por unanimidade dos seus membros asistentes a aprobación das bases reguladoras das axudas do Igape para o apoio financeiro aos investimentos das pequenas e medianas empresas de Galicia financiados con fondos do Instituto de Crédito Oficial (ICO) ao amparo de determinadas liñas ICO 2010, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) e as entidades financeiras. As ditas bases publicáronse no *Diario Oficial de Galicia* nº 230, do 30 de novembro de 2010. Posteriormente, na súa xuntanza do 30 de decembro de 2010, acordou por unanimidade dos seus membros a modificación das citadas bases.

Nesta modificación posibilitábase que os titulares de operacións acollidas ás liñas ICO 2010 establecidas nas bases reguladoras, mediante a modalidade de contratos de arrendamento financeiro (*leasing*), poidan solicitar a axuda complementaria do Igape. Tendo isto en conta, parece oportuno ampliar o prazo de presentación previsto para as solicitudes da axuda do Igape considerando a necesidade dun tempo suficiente para a debida publicidade e presentación formal ante as entidades financeiras e por parte destas no Igape.

Por todo o anterior, en virtude das facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Prorrogar ata o 14 de febreiro de 2011 o prazo de presentación de solicitudes por parte do interesado na entidade financeira e ata o 14 de marzo de 2011 o prazo de presentación no Igape por parte das entidades financeiras, ambos os prazos establecidos no artigo segundo da Resolución do 23 de novembro de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape para o apoio financeiro aos investimentos das pequenas e medianas empresas de Galicia financiados con fondos do Instituto de Crédito Oficial (ICO) ao amparo de determinadas liñas ICO 2010, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) e as entidades financeiras, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

Segundo.-Esta resolución entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2011.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 5 de xaneiro de 2011 pola que se convoca a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de traballo vacantes nesta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 29º.2 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no artigo 16º do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 17º.4 da mesma lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, os postos de traballo que se indican no anexo I.

Segundo.-Poderán concorrer a eles os funcionarios de carreira que reúnan as condicións sinaladas no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Traballo e Benestar (edificio administrativo San Lázaro, s/n, Santiago de Compostela), nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 38º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe no anexo II.

Cuarto.-Os aspirantes deberán unirlle á petición un *curriculum vitae* e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de que resulten seleccionados para ocupar algun dos postos de traballo que se anuncian no anexo I desta orde funcionarios con destino noutras administracións públicas, tramitarase o seu traslado a esta comunidade autónoma conforme o artigo 67º do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e demais disposicións concordantes.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia*, e poderá declararse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días, se o destino anterior está na mesma localidade do novo destino, e dun mes, se está en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá producirse dentro dos tres días seguintes ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou desde a data na que se comunique a resolución do traslado á comunidade autónoma, para o caso de funcionarios doutras administracións públicas.